



SERVIZO DE PERSOAL

Anotada en el Libro de Resoluciones de
la Junta de Gobierno Local,
con el núm: RES/AYT/2193/2018
23/02/2018
El Oficial Mayor P. O. M.

Asunto: Modificación dos artigos 3 e 5 da Instrución sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino.

RESOLUCION

Con data 07 de xullo de 2017 aprobouse a Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de espera para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña.

Unha vez que transcorreron varios meses desde a implantación desta Instrución, detectáronse a existencia de elementos ou situacións que dificultan a operatividade do chamamento e xestión das listas. Para poder axilizar estes procesos en orde a dar cumprimento á urxencia na cobertura de postos por funcionarios interinos, tratouse na Mesa Xeral de Negociación, na sesión celebrada o día 18 de decembro de 2017, a posibilidade de modificar a devandita Instrución no referente ao contido dos artigos 3 e 5.

A proposta remitida á Mesa Xeral de Negociación incluía o seguinte:

Proponse ás Seccións Sindicais a introdución de 3 modificacións na Instrución das listas de espera:

- 1 Reducir o prazo de resposta de dous días a 24 horas.
- 2 Na orde de chamamento que se poida adecuar en certos supostos excepcionais.
- 3 Controlar os motivos da suspensión temporal por causas xustificadas.

Depois de ser devatida na Mesa, acordouse que se enviaría un texto definitivo á Seccións Sindicais para que dean unha resposta sobre os cambios propostos.

A devandita proposta de modificación foi remitida ás Seccións Sindicais o día 21 de decembro de 2017, indicándoselles que o prazo para facer alegacións á devandita proposta finalizaba o día 02 de xaneiro de 2018. Transcorrido devandito prazo non se recibiu ningún tipo de alegación sobre este asunto.

Polo tanto, formulada a proposta no seno da Mesa Xeral de Negociación, trasladada a nova redacción aos representantes sindicais e non realizadas alegacións algunhas ao respecto, procedese a realizar a modificación do artigo 3 e do punto 4 do artigo 5 da Instrución de listas de agarda nos termos que se indican a continuación:

O contido do artigo 3 quedaría da seguinte forma:

1.- Os chamamentos dos/as aspirantes realizaranse por orde de prelación na lista, utilizando o medio de comunicación escollido por eles/elas na solicitude.

Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas, debendo quedar constancia no expediente da súa realización, mediante dilixencia asinada polo/a funcionario/a que os efectuase na que se indicará expresamente o día, hora e resultado do chamamento respecto de cada aspirante.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de vinte e catro horas para aceptar expresamente o nomeamento, non computándose nese prazo os sábados, domingos e festivos. Este prazo só poderá ampliarse motivadamente por causas xustificadas das que quede constancia escrita no expediente. O rexeitamento ou a non aceptación no prazo establecido supón a exclusión do/a aspirante da lista correspondente, agás o disposto no artigo 5 desta instrución.

2.- A orde de provisión de prazas con funcionarios/as interinos/as virá dada pola orde de finalización dos expedientes de autorización do nomeamento segundo a súa anotación no libro de resolucións, salvo nos supostos excepcionais que serán valorados pola Comisión de Avaliación e Seguimento das Listas de Agarda. Ofrecéndoselle á persoa aspirante que lle corresponda por orde de prelación na lista todos os nomeamentos asentados ata ese momento. Sucesivamente, repetirase ese ofrecemento dos nomeamentos restantes ás/aos aspirantes seguindo a orde de prelación na lista, ata asignarse todos os nomeamentos.



O contido do punto 4 artigo 5 quedaría da seguinte forma:

4.- Durante o período que dure esta situación o/a aspirante será cualificado/a na lista de agarda coa denominación "*Suspensión temporal por causas xustificadas*", especificando a causa e as datas de inicio e, no seu caso, fin do período de suspensión.

Os/as aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que ésta se produza, quedando excluídos en caso contrario. Esta situación comprobarase no momento da solicitude de alta, no que deberán achegar certificado de vida laboral ou documentación da finalización da causa de suspensión. No caso de suspensión por estar prestando servizos neste concello a alta nas listas realizarase de oficio.

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 (BOP 13/07/2017), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal a Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do exposto e do informe emitido polo Servizo de Persoal, a Concelleira delegada de Facenda e Administración, de conformidade co Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017, en uso das facultades que ten atribuídas

RESOLVEU

Modificar o artigo 3 e o punto 4 do artigo 5 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de espera para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, nos termos que se indican a continuación:

O contido do artigo 3 quedaría da seguinte forma:

1.- Os chamamentos dos/as aspirantes realizaranse por orde de prelación na lista, utilizando o medio de comunicación escollido por eles/elas na solicitude.

Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas, debendo quedar constancia no expediente da súa realización, mediante dilixencia asinada polo/a funcionario/a que os efectúese na que se indicará expresamente o día, hora e resultado do chamamento respecto de cada aspirante.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de vinte e catro horas para aceptar expresamente o nomeamento, non computándose nese prazo os sábados, domingos e festivos. Este prazo só poderá ampliarse motivadamente por causas xustificadas das que quede constancia escrita no expediente. O rexeitamento ou a non aceptación no prazo establecido supón a exclusión do/a aspirante da lista correspondente, agás o disposto no artigo 5 desta instrución.

2.- A orde de provisión de prazas con funcionarios/as interinos/as virá dada pola orde de finalización dos expedientes de autorización do nomeamento segundo a súa anotación no libro de resolucións, salvo nos supostos excepcionais que serán valorados pola Comisión de Avaliación e Seguimento das Listas de Agarda. Ofrecéndoselle á persoa aspirante que lle corresponda por orde de prelación na lista todos os nomeamentos asentados ata ese momento. Sucesivamente, repetirase ese ofrecemento dos nomeamentos restantes ás/aos aspirantes seguindo a orde de prelación na lista, ata asignarse todos os nomeamentos.

O contido do punto 4 artigo 5 quedaría da seguinte forma:

4.- Durante o período que dure esta situación o/a aspirante será cualificado/a na lista de agarda coa denominación "*Suspensión temporal por causas xustificadas*", especificando a causa e as datas de inicio e, no seu caso, fin do período de suspensión.



Os/as aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que ésta se produza, quedando excluídos en caso contrario. Esta situación comprobarase no momento da solicitude de alta, no que deberán achegar certificado de vida laboral ou documentación da finalización da causa de suspensión. No caso de suspensión por estar prestando servizos neste concello a alta nas listas realizarase de oficio.

A Coruña, 15 de febreiro de 2018
A Xunta de Goberno Local, P.D.
A Concelleira delegada de Facenda e Administración

Eugenia Vieito Blanco

MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN 4/17 SOBRE O PROCEDEMENTO DE CREACIÓN E XESTIÓN DE LISTAS DE AGARDA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO DO CONCELLO DA CORUÑA

Ao obxecto de adaptar e aclarar algúns aspectos contidos nos artigos 3 e 5 da Instrución 4/17 modifícase o contido dos devanditos artigos, co que o texto completo da Instrución queda da seguinte forma:

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto, establecer o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para a cobertura interina de postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira do Concello da Coruña, de acordo coas modalidades reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no art. 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Artigo 2. Creación, actualización e eficacia das listas de agarda

1.- Con carácter xeral, para a cobertura de prazas con persoal funcionario interino acudirase ás listas de agarda creadas para o efecto tras as distintas convocatorias de procesos selectivos das mesmas prazas ou categorías, finalizados ao amparo da convocatoria unitaria vixente no momento do nomeamento.

A estes efectos, todos os procesos selectivos do Concello da Coruña, excluindo as promocións internas, recollerán nas súas bases a obriga de constituír listas de agarda conforme aos seguintes criterios:

- a) Para o caso de oposición, a lista estará constituída polos aspirantes que, superando algún dos exercicios, non obtivesen praza.
- b) Para o caso de concurso-oposición, a lista de agarda constituirase coas persoas que, tras superar todos os exercicios da oposición, non obtivesen praza.

2.- Ao día seguinte da publicación da relación definitiva de persoas que superen as probas selectivas, a persoa que ostente a xefatura do Servizo de Persoal iniciará o procedemento de creación de listas de agarda, abrindo un prazo máximo de dez días hábiles para que os/as aspirantes acheguen a solicitude de participación nas listas xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos criterios establecidos no apartado anterior. Dito prazo computase a partir do día seguinte á publicación na páxina web do Concello (sede electrónica) do acto de inicio de procedemento.

Nas bases reguladoras de cada proceso selectivo advertirase deste trámite e o prazo máximo para presentar a solicitude xunto coa documentación, facéndose constar expresamente o sitio web antes indicado.

3.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Persoal elaborará unha relación ordenada dos/das aspirantes, en función da maior puntuación obtida tras a suma das notas obtidas nos exercicios e, de ser o caso, na fase de concurso.

Dita relación será publicada na páxina web do Concello (sede electrónica) como lista de agarda provisional, abríndose un prazo de dez días hábiles para que as persoas interesadas podan formular alegacións ou aportar a documentación que estimen oportuna.

4.- A aprobación das listas de agarda definitivas realizarse por resolución da Concellaría competente en materia de persoal, que terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Concello (sede electrónica).

Na publicación da resolución deberá facerse constar que a resolución pon fin á vía administrativa, indicando os recursos que legalmente procedan contra a mesma.

5.- As listas de agarda actualizaranse semanalmente se houberse movementos nelas.

6.- As listas de agarda terán efectos ata a aprobación doutra posterior derivada da resolución de novas convocatorias de procesos selectivos.

En todo caso, as listas de agarda deixarán de ter efectos aos tres anos da súa aprobación, salvo que, esgotado o prazo, estea en tramitación un proceso selectivo, en cuxo caso prorrogarse automaticamente a súa eficacia ata a aprobación da nova lista resultante do proceso selectivo en curso.

7.- Cando non existan listas de agarda nalgún corpo ou categoría ou cando se esgoten as existentes, convocaranse procesos de selección específicos para a constitución de novas listas de agarda, nos que estarán garantidos os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, con aplicación dos mesmos criterios e garantías recollidos na convocatoria unitaria vixente nese momento.

8.- A participación en distintos procesos selectivos de diferentes categorías dará dereito aos/ás aspirantes a figurar simultaneamente nas respectivas listas de agarda.

Artigo 3. Procedemento de chamamento e xestión da lista de agarda

1.- Os chamamentos dos/as aspirantes realizaranse por orde de prelación na lista, utilizando o medio de comunicación escollido por eles/elas na solicitude.

Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas, debendo quedar constancia no expediente da súa realización, mediante dilixencia asinada polo/a funcionario/a que os efectuase na que se indicará expresamente o día, hora e resultado do chamamento respecto de cada aspirante.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de vinte e catro horas para aceptar expresamente o nomeamento, non computándose nese prazo os sábados, domingos e festivos. Este prazo só poderá ampliarse motivadamente por causas xustificadas das que quede constancia escrita no expediente. O rexeitamento ou a non aceptación no prazo establecido supón a exclusión do/a aspirante da lista correspondente, agás o disposto no artigo 5 desta instrución.

2.- A orde de provisión de prazas con funcionarios/as interinos/as virá dada pola orde de finalización dos expedientes de autorización do nomeamento segundo a súa anotación no libro de resolucións, salvo nos supostos excepcionais que serán valorados pola Comisión de Avaliación e Seguimento das Listas de Agarda. Ofrecéndosele á persoa aspirante que lle corresponda por orde de prelación na lista todos os nomeamentos asentados ata ese momento. Sucesivamente, repetirase ese ofrecemento dos nomeamentos restantes ás/aos aspirantes seguindo a orde de prelación na lista, ata asignarse todos os nomeamentos.

Artigo 4. Mellora de emprego

1.- Os/as aspirantes que figuren nas listas de agarda e teñan formalizado un nomeamento de duración igual ou inferior a un ano serán chamados para novos nomeamentos pola súa orde de prelación e poderán aceptar o que se lles oferte nos seguintes casos:

- a) Cando o novo nomeamento supoña percibir retribucións mensuais superiores en mais dun 10% as que estea a percibir.
- b) Cando o novo nomeamento sexa por unha duración que dobre a prevista no nomeamento formalizado.

2.- Con independencia do establecido no apartado anterior, considerarase mellora de emprego, en todo caso, a oferta dun nomeamento por vacante.

3.- As persoas integrantes de cada lista só poderán cambiar de nomeamento en virtude de mellora de emprego unha única vez durante o período no que se manteña dita lista de agarda.

4.- En todo caso, haberá que respectar as limitacións legais que existen para nomeamentos por exceso ou acumulación de tarefas. Neste caso, a situación do/a aspirante figurará na lista de agarda coa denominación “*Suspensión temporal para interinidade por acumulación de tarefas*”, especificándose o período de suspensión.

5.- Durante o período que dure o nomeamento o funcionario interino será cualificado na lista de agarda coa denominación “*Nomeado/a funcionario/a interino/a*”, especificando o destino e a duración do contrato.

Artigo 5. Rexeitamento xustificado do chamamento con permanencia nas listas de agarda

1.- Son causas xustificadas para rexeitar os chamamentos sen resultar excluídos da lista de agarda as seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou o período equivalente no caso de desempregados/as que se atopen en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada mediante parte de baixa, ou certificado médico expedido pola Seguridade Social.
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.
- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menores ou persoas dependentes ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razón de idade, enfermidade ou accidente non se poidan valer por si mesmos, sempre que se acredite a convivencia con ditas persoas.
- g) Estar a prestar servizos nunha Administración Pública ou empresa.
- h) Outras causas análogas debidamente xustificadas, que poderán ser tomadas en consideración previo estudo pola Comisión a que se refire o artigo 8 desta instrución.

2.- En todos os casos, a causa do rexeitamento deberá quedar acreditada no expediente, aportándose polo/a interesada a documentación xustificativa no prazo de dous días hábiles establecido no artigo 3 desta instrución.

3.- O/a aspirante que estea incurso en causa de rexeitamento conforme ao disposto neste artigo conservará a súa orde de prelación na lista e será chamado/a para o seguinte nomeamento.

4.- Durante o período que dure esta situación o/a aspirante será cualificado/a na lista de agarda coa denominación “*Suspensión temporal por causas xustificadas*”, especificando a causa e as datas de inicio e, no seu caso, fin do período de suspensión.

Os/as aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que ésta se produza, quedando excluídos en caso contrario. Esta situación comprobarase no momento da solicitude de alta, no que deberán achegar certificado de vida laboral ou documentación da finalización da causa de suspensión. No caso de suspensión por estar prestando servizos neste concello a alta nas listas realizarase de oficio.

Artigo 6. Exclusión das listas de agarda

Quedarán excluídas da correspondente lista de agarda, con carácter definitivo, as persoas que:

- a) renunciaren expresamente e por escrito a formar parte da lista;
- b) tendo sido chamadas, rexeiten un nomeamento por causas non xustificadas;
- c) tendo sido chamadas, non respondan á proposta dentro do prazo indicado no artigo 3;
- d) unha vez nomeadas, renunciaren expresamente e por escrito ao nomeamento, agás no suposto de mellora de emprego previsto no artigo 4;
- e) unha vez nomeadas, sexan separadas do servizo por sanción disciplinaria.

Nestes supostos, a situación na correspondente lista cualificarase como “*Baixa definitiva*”, especificándose a causa e data.

Artigo 7. Rotación

Ao/a aspirante que alcance un tempo acumulado mínimo de prestación de servizos por un ano, por un ou máis nomeamentos dentro da mesma lista, aplicaráselle unha suspensión temporal dos chamamentos por un tempo igual á duración da prestación contributiva por desemprego derivada do tempo traballado nesta Administración.

Neste suposto, a situación na correspondente lista cualificarase como “*Suspensión temporal por acumulación*”, especificándose as datas de inicio e finalización desta situación.

Artigo 8. Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda

1.- Crease a Comisión de Avaliación e Seguimento das Listas de Agarda para o apoio á Concellaría de Persoal na xestión das listas de agarda.

2.- Corresponderá á Comisión:

- a) estudo das dúbidas, queixas, alegacións ou reclamacións que se presenten en relación coa xestión das listas de agarda do Concello da Coruña;
- b) a avaliación permanente da xestión das listas de agarda, a efectos de realizar propostas de mellora;
- c) a emisión de ditames interpretativos sobre a aplicación da presente instrución, a solicitude da Concellaría de Persoal.

3.- A Comisión de Avaliación e Seguimento das Listas de Agarda estará composta por 8 membros nomeados pola Concelleira responsable en materia de persoal, de acordo coa seguinte composición:

- a) Unha presidencia, que recaerá na persoa que ostente a xefatura de Servizo de Persoal. A Presidencia contará con voto de calidade no caso de empate nas votacións.
- b) Unha secretaría, que recaerá nunha persoa do servizo de persoal, a proposta da xefatura de Servizo, con voz e voto.
- c) Unha/un vogal do Servizo de Persoal, nomeada a proposta da xefatura de servizo.
- d) Unha/un vogal da Asesoría Xurídica, nomeada a proposta da Dirección da Asesoría Xurídica.
- e) Catro vogais, nomeados a proposta da Xunta de Persoal.

Artigo 9. Listas de Agarda anteriores á publicación desta instrución e procesos selectivos en curso

1.- As listas de agarda aprobadas con anterioridade a data de publicación da presente instrución conservarán a súa validez e eficacia e pasarán a rexerse conforme ao disposto na mesma.

2.- Aplicarase esta instrución ás listas de agarda que se constituían á finalización dos procesos selectivos que estean en curso.

A estes efectos, ademais da publicación do acto do inicio do procedemento de creación das listas na páxina web do Concello (sede electrónica) prevista no artigo 2 desta instrución, procederase á notificación do referido acto aos/ás aspirantes que cumpran as condicións de acceso ás listas de agarda, concedéndolles o prazo de dez días hábiles previsto dese artigo para presentar a solicitude de participación nas listas xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos criterios.

3.- Para os efectos previstos nos artigos 4 e 7 terase en conta o tempo de prestación de servizos ou de suspensión anteriores á eficacia desta instrución

Artigo 10.- Persoal laboral

O referido na presente instrución ao/á funcionario/a interino/a aplicarase nos casos de contratación de persoal laboral temporal, coa excepción dos contratos subvencionados por outra Administración Pública nos que se esixa a presentación dunha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego.

A Coruña 15 de febreiro de 2018

A concelleira delegada de Facenda e Administración

Eugenia Vieito Blanco